

AGADEA, fundada en 1994 por familiares de persoas afectadas por enfermidades neurodexenerativas, é unha asociación sen ánimo de lucro, dedicada a mellorar a vida das persoas afectadas por unha demencia e a das súas familias mediante unha atención integral personalizada. Con este fin, definimos unha estratexia de xestión dentro do marco do Sistema de Calidade ISO 9001, buscando así satisfacer as expectativas dos familiares e cubrir as necesidades das persoas usuarias.

Por isto, os nosos obxectivos permanentes son:

- Prestar asistencia psicolóxica e moral aos familiares das persoas usuarias.
- Asesorar aos familiares das persoas usuarias en materias legais, asistenciais, sociolóxicas e económicas.
- Proporcionar e difundir nos medios de comunicación todo o que faga referencia ao posible diagnóstico da enfermidade e terapia da mesma, e ao obxecto de facilitar a asistencia axeitada.
- Facilitar, mellorar e controlar a asistencia das persoas usuarias para mellorar a súa calidade de vida ao máximo posible.
- Facer do centro un lugar de desenvolvemento profesional e persoal para os nosos traballadores.

Por todo isto, os nosos compromisos son os seguintes:

- O cumprimento de tódolos requisitos legais e a Normativa vixente.
- Unha mellora da calidade de vida das persoas usuarias respectando ao máximo a súa singularidade e privacidade. Ofrecendo un trato digno, respectuoso e comprensivo coas súas necesidades, que favoreza a súa integración nun espazo rehabilitador e preventivo, axeitado ao estadio evolutivo da enfermidade, a través dunha intervención interdisciplinar.
- Fomentar á formación continua do noso persoal para contribuír á mellora continua do Centro, creando un entorno de traballo agradable que potencia a implicación de todos/as os/as traballadores/as e promovendo a participación mediante o traballo en equipo e a atención das súas suxestións.
- Fomentar a implicación das familias e a sociedade en xeral. Así como, impulsar a cooperación con outras asociacións nun clima de intercambio de experiencias.
- Revisar e avaliar constantemente o Sistema de Xestión de Calidade có fin de manter e mellorar continuamente a eficacia do Centro.

É, por todo isto que a Dirección de AGADEA se compromete a proporcionar os recursos necesarios para a consecución dos obxectivos de calidade e a participación activa de entidades e persoas interesadas en ofrecer a mellor calidade do servizo e a atender todas aquelas suxestións encamiñadas á mellora continua do funcionamento do Centro.

Ribeira, a 02 de maio de 2024
Coordinadora
Vanesa Tubío Tubío
María Luisa Estalote Suárez

